



XEOGRAFÍA E HISTORIA 4º ESO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
(CONTIDOS MÍNIMOS E
CRITERIOS DE AVALIACIÓN)



COLEXIO TIRSO DE MOLINA

1.- CONTIDOS MÍNIMOS

O Departamento de Xeografía e Historia fixa como contidos mínimos esixibles para superar a materia os seguintes:

- 1. Ilustración e cambios políticos:**
 - En que consistiu a Ilustración?
 - Os cambios políticos. O despotismo ilustrado.
- 2. Os cambios económicos:**
 - As transformacións agrarias.
 - A artesanía.
 - Os cambios no comercio.
- 3. O século XVIII en España:**
 - Os Borbóns. As reformas políticas.
 - Os Borbóns. As reformas económicas.
- 4. A arte do século XVIII:**
 - A arte rococó.
 - A arte neoclásica.
- 5. A revolución de Estados Unidos:**
 - As causas do conflito.
 - A revolución política e o novo Estado.
- 6. A Revolución Francesa:**
 - As causas e inicios dunha revolución histórica.
 - A evolución da Revolución Francesa e as súas fases.
- 7. A Europa napoleónica e a época da Restauración:**
 - A Europa napoleónica (1799-1814).
 - A época da Restauración.
- 8. As revolucións liberais e os nacionalismos:**
 - As revolucións liberais do século XIX.
 - Os nacionalismos e o nacemento de novos Estados.

9. As bases da Revolución Industrial en Gran Bretaña:

- A revolución agraria e as súas consecuencias.
- A revolución demográfica.
- Outros factores básicos.

10. A mecanización da industria e a súa difusión:

- O paso do taller artesanal á fábrica.
- A industria téxtil.
- A industria siderúrxica.
- A difusión da industrialización.

11. As consecuencias económicas e sociais:

- As consecuencias económicas.
- As consecuencias sociais.
- O movemento obreiro.

12. A cultura e a arte:

- A cultura, a ciencia e a técnica.
- A expresión artística.

13. A crise política:

- O reinado de Carlos IV (1788-1808) e a formación de grupos ideolóxicos.
- A guerra da Independencia e as Cortes de Cádiz (1808-1814).
- O reinado de Fernando VII (1814-1833) e a independencia da América española.

14. A consolidación liberal (1833-1874):

- A época isabelina (1833-1868).
- O Sexenio Revolucionario (1868-1874).
- A modernización económica: desamortización e industrialización.

15. Goya:

- Un xenio entre dous séculos.
- A obra pictórica e as súas etapas.

16. A Segunda Revolución Industrial:

- As novas fontes de enerxía.
- Os cambios na organización do traballo.
- O progreso da industria, os transportes e as comunicacións.

17. As causas do imperialismo:

- A repartición do mundo.
- As consecuencias do imperialismo.

18. A Primeira Guerra Mundial (1914-1918):

- Os contendentes.
- As causas do conflito.
- As consecuencias. A Paz de París.

19. A evolución artística:

- A arquitectura moderna.
- Os movementos pictóricos. Impresionismo, expresionismo e primeiras vangardas.

20. A Revolución Rusa de 1917. A creación da URSS:

- A crise do imperio tsarista.
- Revolucións de 1905 e 1917.
- Gobernos de Lenin e Stalin.

21. A evolución económica e política:

- Da prosperidade económica á Gran Depresión.
- O ascenso dos totalitarismos.

22. A Segunda Guerra Mundial (1939-1945):

- Contendentes e causas do conflito.
- As consecuencias da guerra.

23. A arte entre 1919 e 1945:

- A arquitectura racionalista.
- A escultura.
- A pintura. Dadaísmo, surrealismo e abstracción.

24. A Restauración borbónica:

- O funcionamento do sistema político.
- Os problemas políticos da Restauración.

25. O reinado de Alfonso XIII e a ditadura de Primo de Rivera:

- O reinado de Alfonso XIII.
- A ditadura e o fin da monarquía.

26. A Segunda República e a Guerra Civil:

- A Segunda República (1931-1936).
- A Guerra Civil (1936-1939).

27. A evolución artística:

- A arquitectura.
- A escultura.
- A pintura

28. A descolonización:

- As etapas.
- As consecuencias.

29. A nova xeopolítica mundial. A época dos bloques:

- A formación dos bloques.
- A Guerra Fría.

30. A diversidade dos mundos capitalista e comunista:

- O mundo capitalista.
- O mundo comunista.
- O derrubamento da URSS e do bloque comunista.

31. A evolución das relacións internacionais:

- As tensións da Guerra Fría ata 1985.
- O final da Guerra Fría.

32. A evolución do franquismo:

- A política interior do réxime.
- A oposición á ditadura e a súa represión.
- A política exterior e a súa evolución.

33. A evolución económica:

- A época da autarquía (1939-1959).
- A política de desenvolvemento económica (1960-1975).

34. A situación internacional actual:

- A nova orde internacional.
- O sistema mundial de Estados e os seus conflitos.

35. A Triada:

- Estados Unidos e Xapón.
- A Unión Europea. Importancia e evolución.

36. O ascenso de Asia e a recuperación de Rusia:

- Os países emerxentes de Asia.
- A recuperación de Rusia.

37. O mundo islámico, América Latina e a África subsahariana:

- A diversidade do mundo islámico e os seus conflitos.
- América Latina.
- A África subsahariana.
- A globalización:
- Concepto e causas.
- Ámbitos e consecuencias da globalización.

38. A diversidade do mundo actual:

- As distintas formas económicas do capitalismo.
- A diversidade de sociedades: tradicionais e posmodernas.
- Os avances científicos e tecnolóxicos.

39. A arte actual:

- A arquitectura e a escultura.
- A pintura.

40. A Transición democrática:

- Os inicios da Transición (1975-1979).
- A Constitución de 1978.

41. Os gobernos da democracia (1979-2016):

- Os Gobernos constitucionais.
- As medidas democráticas.

42. España na Unión Europea e no mundo:

- España e a Unión Europea.
- España no mundo.

2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

AVALIACIÓNS

Períodos de avaliación

Levaranse a cabo tres sesións de avaliación parciais. O profesorado establecerá varias probas obxectivas (controis, exames, test, etc), determinando as máis axeitadas en cada momento pero non poden ser menor de dúas por avaliación.

A nota media destas probas representará o 80% da nota final de cada avaliación. O outro 20% serán os traballos en clase, participación actitude,...

Os exames, dependendo dos contidos que se pretendan avaliar nese momento, estarán constituídos por un ou por varios exercicios de distinto tipo, como:

- Definición precisa de conceptos históricos, xeográficos e artísticos.
- Resolución de cuestións breves ou desenvolvemento amplo de temas de tipo teórico.
- Cuestións abertas que permitan a reflexión persoal do alumnado
- Exercicios de localización xeográfica e cronolóxica.
- Realización e interpretación de mapas, gráficas, estatísticas e liñas do tempo.
- Análise e comentario de textos históricos, xeográficos, obras de arte, fotografías...

Estes exames terán como finalidade comprobar o grao de razoamento do alumnado, a súa claridade expositiva, o uso correcto dun vocabulario básico da área, a súa capacidade de análise, síntese e comentario, así como verificar a asimilación de contidos e o progreso nas capacidades. Cada exame levará especificado o valor de cada exercicio.

Actitudes.

Para avaliar os contidos actitudinais o profesorado terá en conta os seguintes aspectos:

- Interese pola materia Traballo diario na clase
- Realización de tarefas na casa
- Esforzo por superar as dificultades
- Intervencións orais
- Presentación coidada do caderno
- Realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos

A valoración destes contidos actitudinais poderá constituír ata un 30% da nota final de cada avaliación.

Nota de Avaliación parcial

O alumnado aprobará a avaliación cando se chegue á nota media de 5 puntos ou superior a 5 puntos, sempre e cando non haxa unha nota inferior a 3,5 puntos nalgún dos exames.

Recuperacións

Tras cada avaliación haberá unha recuperación para o alumnado que non a superara. Nese exame entrarán a totalidade dos contidos expostos na avaliación correspondente.

Nos exames de recuperación figurará “RECUPERADO” (cando o alumnado acade unha puntuación de 5 puntos ou máis) ou “NON RECUPERADO” (por debaixo de 5 puntos), sen excluír a posibilidade de que o profesorado, se o

considera oportuno, poida valorar positivamente, cara a nota media de fin de curso, as puntuacións superiores a 5 puntos.

Ausencia dos exames

Se algún alumno ou alumna non pode asistir aos exames das avaliacións por causas maiores (accidente, enfermidade, etc) e o xustifica oficialmente, o profesorado establecerá unhas datas axeitadas a cada situación que facilite o proceso de cualificación.

Final Ordinaria

A cualificación da avaliación final de xuño establecerase mediante a nota media das tres avaliacións sempre e cando en ningunha delas teña unha nota inferior a 3,5 puntos.

O alumnado que chegue a fin de curso cunha nota inferior a 3,5 puntos nunha soa avaliación terá a posibilidade de realizar unha nova recuperación desa parte. No caso de seguir obtendo unha nota inferior a 3,5 puntos, terá que presentarse, con toda a materia do curso, a un exame final.

No exame final, entrará toda a materia do curso.

Na nota final terase en conta: os contidos da área, a actitude cara á materia, participación, esforzo, expresión e a presentación do caderno.

Perda de dereito á avaliación contrinua.

A falta a clase ou de puntualidade, de modo reiterado e non xustificada, pode provocar a imposibilidade de aplicación dos criterios xerais de avaliación recollidos na presente programación didáctica e a perda de dereito á avaliación continua. O número de faltas que dá lugar a esta situación é de 15 períodos lectivos, dado que a materia consta de 3 períodos lectivos semanais.

Avaliación extraordinaria de Setembro

Esta proba, que comprende a totalidade dos obxectivos e contidos mínimos establecidos na presente programación didáctica, vai destinada a aquel

alumnado que non logrou superar unha ou varias avaliacións ordinarias ao longo do curso. Consistirá nun exame común para todos os grupos do mesmo curso, no que cada exercicio ou pregunta poderá constar, segundo acordo previo dos membros do Departamento, dunha ou varias opcións.

Se consideran instrumentos de avaliación para ESO os seguintes:

- Observación directa do traballo realizado polo alumnado.
- Seguimento do traballo realizado a través do caderno do alumnado, observando a orde, as actividades, as correccións e a constancia.
- Valoración da atención, esforzo e colaboración cara á materia.
- Entrega dos exercicios, traballos... nas datas fixadas.
- Realización de probas obxectivas con valoracións numéricas.
- Elaboración de traballos de observación e investigación individuais ou en equipo.

En canto aos procedementos de avaliación serán continuos, formativos e sumativos . Para tal fin:

- Valoraranse tanto os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais. Neste sentido, informaráselles da porcentaxe que este Departamento ten asignada para cada unha das partes.
- Os exames constarán de preguntas de tipo variado: definicións, eixes, cuestións breves ou longas, abertas ou pechadas, confección e/ou comentario de gráficos, identificación e comentario de obras de arte significativas , textos...
- Informarase ao alumnado dos resultados de todos os controis, exames e probas. A súa visualización e análise debe permitir corrixir os posibles erros: contido, redacción, ortografía...

Alumnado con a materia suspensa doutros cursos

O alumnado que teña a materia de *Ciencias sociais, Xeografía e Historia* suspensa doutros cursos terá como profesor encargado ao que lle imparta a materia no curso matriculado.

Terá que presentar trimestralmente una serie de traballos que será o 40% da nota. Ao final do curso, segundo calendario publicado pola Xefatura de Estudos, terá que facer un exame recuperatorio sobre os mínimos. (60 %).